



Concello
da Estrada



PROTOCOLO BÁSICO DE UTILIZACIÓN DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS

1.- OBXECTO.

O Departamento de Deportes do Concello da Estrada crea este protocolo co obxectivo de facilitar a organización da instalación das pistas de tenis municipais para a tempada 2021-2022, cando se celebren adestramentos, encontros de carácter oficial ou amigable. Será de obrigado cumprimento por parte dos deportistas que vaian a utilizar dita instalación. Será complementado polo PROTOCOLO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DA ESTRADA e por aquelas normas ou ordes que se diten e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas durante o transcurso da evolución desta situación. **Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.**

2.- CRITERIOS DE UTILIZACIÓN.

Poderán utilizar á instalación os deportistas federados dos clubs usuarios e deportistas afeccionados. De todos os xeitos, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos deportistas cando se atopen adestrando baixo a súa exclusiva responsabilidade. En ningún momento se poderá sobrepasar o aforamento autorizado para á sala de adestramento.

3.- REQUISITOS OBRIGATORIOS PARA ACCESO Á INSTALACIÓN.

- **Para os clubs, listado nominal dos deportistas participantes na actividade. Para os deportistas afeccionados, reserva previa da pista aportando nome, apelidos, DNI e número de teléfono na conserxería do Pavillón Manuel Coto Ferreiro**
- Uso obrigatorio da máscara dentro da instalación sempre e cando non se poida manter a distancia de seguridade.

3.- CIRCULACIÓN E UBICACIÓN DENTRO DA INSTALACIÓN.

- Adaptando a instalación as normativas vixentes, o aforamento máximo de cada unha das 3 pistas será de **4 persoas** ao mesmo tempo. Un adestrador a maiores no caso dos clubs ou escolas deportivas municipais.
- Obrigatorio manter en todo momento á distancia mínima de 1,5 metros.
- Cada deportista deberá de gardar as súas pertenzas que non necesite nunha mochila e deixala nunha zona habilitada para tal efecto.
- Recomendado para cada deportista limpeza para o seu material antes e despois de cada uso do equipamento utilizado.
- Obrigatorio o uso de toalla a por parte de cada usuario.
- Uso individual de botellas de auga ou outros líquidos de hidratación.
- O horario asignado será cumprido puntualmente polos usuarios. Unha vez rematado deberán de abandonar a pista.
- Respetar á sinalización nas zonas de tránsito no momento de desprazarse e de acceder ou abandonar a instalación.